



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

ELECCIÓN MUNICIPAL DO 28 DE MAIO DE 2023

CONSULTA DO CENSO ELECTORAL E APERTURA PERIODO DE RECLAMACIÓN Ó MESMO.

Que de coformidade co previsto na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e modificacións posteriores, **dende o día 10 de abril ata o día 17 de abril de 2023, ambos inclusive, estará aberto o prazo de consulta das listas electorais, para as Eleccións Municipais a celebrar o próximo día 28 de maio.**

Para a súa consulta polos interesados para os efectos da presentación de reclamacións poderán realizarse nas oficinas do Concello. A reclamación sobre datos censuais haberá de facerse persoalmente, presentando o DNI, pasaporte ou permiso de conducir, onde apareza a fotografía do titular.

Os datos de inscrición poden consultarse igualmente na Sede electrónica do Instituto nacional de Estatística [<https://sede.ine.gob.es/>] accedendo co certificado dixital. Ademais poden chamar ao teléfono de información da delegación provincial da Oficina do Censo electoral 900.343.232 (gratuíto).

As reclamacións poderán realizarse a través do concello ou na Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral.

En virtude do establecido na Lei Orgánica do réxime electoral xeral, está prohibida a información particularizada dos datos persoais contidos non censo electoral, non estando permitida a recompilación dos datos existentes nas mesmas por calquera medio sexa manual, fotográfico, informático ou de calquera outra natureza, baixo as responsabilidades legalmente procedentes, segundo Acordo da Xunta Electoral Central do 2 de outubro de 1995.

O que se publica para xeral coñecemento.

En Val do Dubra na data da firma.

O ALCALDE,
José Manuel Varela Ferreiro
Documento asinado dixitalmente.

Val do Dubra, naturalmente